



**RESOLUCIÓN DO 10 DE ABRIL DE 2026, pola que se aproba a listaxe e baremación provisional das persoas admitidas no concurso específico para a provisión, polo sistema de concurso específico, de postos de traballo vacantes nas fiscalías de Galicia, convocado pola Resolución do 18 de febreiro de 2026 (DOG nº 41, do 3.03.2026).**

En cumprimento do disposto na base sexta da Resolución do 18 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso específico, de postos de traballo vacantes nas fiscalías de Galicia, a Comisión de Valoración

**RESOLVE:**

- 1.- Aprobar a listaxe e baremación provisional das persoas admitidas para cada un dos postos convocados (anexo I).
2. Aprobar e facer públicos os criterios de valoración dos méritos específicos (anexo II)
- 3.- Acordar a publicación desta resolución na intranet de Xustiza e na páxina web da consellería.
- 4.- As persoas interesadas poderán alegar e xustificar o que consideren conveniente sobre os resultados da valoración dentro dos 10 días hábiles seguintes ao da publicación desta resolución e deberán presentar as alegacións na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) mediante o modelo de solicitude xenérica co código PR004A.





**ANEXO I**

**Listaxe e baremación provisional das persoas admitidas para o posto de coordinador/a da oficina fiscal na Fiscalía de Área de Santiago de Compostela**

Apelidos e nome	Listaxe provisional	Servizos no corpo (máx. 53 puntos)	Galego (máx. 12 puntos)	Punt. 1ª fase (máx. 65 puntos)	Servizos efectivos en Fiscalía (máx. 40 puntos)	Formación específica e titulación (máx. 3 puntos)	Punt. 2ª fase (máx. 43 puntos)	Punt. Total
		Puntos	Puntos		Puntos			
Agra Costa, Jesús Álvaro	Admitido	3,72	12	15,72	0,00	3,00	3,00	<b>18,72</b>
Pérez Dieguez, Lucía	Admitida	26,65	12	38,65	5,92	1,12	7,04	<b>45,69</b>

**Listaxe e baremación provisional das persoas admitidas para o posto de responsable de estatística, rexistro e calidade na Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia**

Apelidos e nome	Listaxe provisional	Servizos no corpo (máx. 53 puntos)	Galego (máx. 12 puntos)	Punt. 1ª fase (máx. 65 puntos)	Exp. Explotación datos e memoria Fiscalía (máx. 16 puntos)	Servizos efectivos en Fiscalía (máx. 24 puntos)	Formación específica e titulación (máx. 3 puntos)	Punt. 2ª fase (máx. 43 puntos)	Punt. Total
Agra Costa, Jesus Alvaro	Admitido	3,72	12	15,72	0,00	0,00	3,00	3,00	<b>18,72</b>
Bermudez Pena, María del Carmen	Admitida	46,96	12	58,96	0,00	4,28	1,75	6,03	<b>64,99</b>
Filgueiras Jaspe, Francisco Javier	Admitido	53,00	12	65,00	16,00	24,00	1,10	41,10	<b>106,10</b>
Seara Sotelo, Fernando	Admitido	50,63	12	62,63	16,00	24,00	3,00	43,00	<b>105,63</b>
Gallo Fernández, Remedios	Admitida	53,00	8	61,00	2,00	24,00	0,00	26,00	<b>87,00</b>
Sanchez Fandiño, Eva	Admitida	53,00	12	65,00	1,04	24,00	0,85	25,89	<b>90,89</b>
Sanchez Peiteado, Natalia María	Admitida	30,26	12	42,26	0,00	9,77	3,00	12,77	<b>55,04</b>





## ANEXO II

### CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS MÉRITOS ESPECÍFICOS

Coordinador/a da oficina fiscal na Fiscalía de Área de Santiago de Compostela

✓ Coñecementos e experiencia profesional:

No suposto de que a persoa solicitante realizase unha substitución ou comisión de servizos, este tempo de servizos prestados, a efectos de acreditar a experiencia e coñecementos nesta segunda fase, valorarase polo posto que desenvolvese efectivamente en substitución ou comisión de servizos.

✓ Formación específica e titulación.

Respecto da valoración da formación específica e titulación incluídas na relación de postos de traballo:

- Os 3 puntos que configuran a valoración deste punto 2. *“Formación específica e titulación: 3 puntos”*, repartiranse da seguinte forma: 2 puntos polos cursos e coñecementos sinalados na RPT e 1 punto polas titulacións sinaladas na RPT.
- Non se computarán cursos anteriores ao 17/03/2016.
- As xornadas non se puntúan.
- Os cursos de menos de 6 horas non se puntúan.
- Cada hora puntúase con 0,01 puntos.
- Os cursos nos que non figure o número de horas non se puntúan.
- Cando non figure o número de horas, pero si os créditos, cada crédito equivale a unha hora, agás cando o propio certificado especifique un número de horas distinto.
- Non se puntúan aqueles cursos sobre aplicacións ou programas informáticos que non estean en uso na actualidade nesta CCAA (Libra, MS-2, etc).
- Só se valoran os títulos, diplomas ou certificados que acrediten coñecementos obtidos en cursos de formación impartidos en centros oficiais ou recoñecidos polo Ministerio competente en materia de Educación, así como os impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou incluídos nos plans de formación destas, así como os impartidos por organizacións sindicais.
- Ciclos formativos superiores de informática: 1 punto
- Técnico superior en Administración, especialidade informática: 1 punto.
- Técnico superior en Prevención de Riscos Laborais: 1 punto.





- Valorar os cursos incluídos na relación de cursos valorados pola Comisión de Valoración nos anteriores concursos específicos para postos vacantes nas Fiscalías sempre que se tiveran realizado despois de marzo de 2016.

Non se terá en conta ningún mérito que non sexa alegado, ou no seu caso, xustificado, pola persoa solicitante.

Responsable de estatística, rexistro e calidade na Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia

✓ Coñecementos e experiencia profesional:

No suposto de que a persoa solicitante realizase unha substitución ou comisión de servizos, este tempo de servizos prestados, a efectos de acreditar a experiencia e coñecementos nesta segunda fase, valorarase polo posto que desenvolvese efectivamente en substitución ou comisión de servizos.

✓ Formación específica:

- Non se computarán cursos anteriores ao 17/03/2016.
- As xornadas non se puntúan.
- Os cursos de menos de 6 horas non se puntúan.
- Cada hora puntuase con 0,01 punto.
- Os cursos nos que non figure o número de horas non se puntúan.
- Cando non figure o número de horas, pero si os créditos, cada crédito equivale a unha hora, agás cando o propio certificado especifique un número de horas distinto.
- Non se puntúan aqueles cursos sobre aplicacións ou programas informáticos que non estean en uso na actualidade nesta CCAA (Libra, MS-2, etc.)
- Só se valoran os títulos, diplomas ou certificados que acrediten coñecementos obtidos en cursos de formación impartidos en centros oficiais ou recoñecidos polo Ministerio competente en materia de educación, así como os impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou incluídos nos plans de formación destas, así como os impartidos polas organizacións sindicais.
- Ciclos formativos superiores de informática: 1 punto.
- Técnico superior en Administración, especialidade informática: 1 punto.
- Valorar os cursos incluídos na relación de cursos valorados pola Comisión de Valoración nos anteriores concursos específicos para postos vacantes nas Fiscalías sempre que se tiveran realizado despois de marzo de 2016.

Non se terá en conta ningún mérito que non sexa alegado, ou no seu caso, xustificado, pola persoa solicitante.

